

Algunhas bases para comparar a obra de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán

María Jesús Lama López
UNIVERSITAT DE BARCELONA
lama@ub.edu

(recibido novembro /2021, aceptado decembro/2021)

RESUMO: O obxectivo deste estudo é sinalar algúns condicionantes esenciais que deben terse en conta en calquera estudo comparatista de Pardo Bazán e Rosalía de Castro en tres ordes fundamentais: as circunstancias biográficas, a cronoloxía e o contexto histórico-político. Proponse a consideración de Rosalía de Castro como precedente e posible influencia na formación da conciencia feminista de Pardo Bazán recordando as proclamas feministas publicadas por Rosalía case dúas décadas antes dos primeiros libros de Emilia e sinálase a confluencia en tratar determinados temas candentes na segunda metade do século XIX, aínda que se achegan a eles desde posicións ideolóxicas opostas.

PALABRAS CHAVE: Rosalía de Castro, Pardo Bazán, biografía, cronoloxía, comparatismo.

ABSTRACT: The aim of this study is to point out some essential conditioning factors that must be taken into account in any comparative study of Pardo Bazán and Rosalía de Castro in three fundamental orders: the biographical circumstances, the chronology and the political-historical context. It is suggested that Rosalía de Castro should be considered as a precedent and possible influence in the formation of Pardo Bazán's feminist consciousness, recalling the feminist proclamations published by Rosalía almost two decades before two of Emilia's first books, and and we point out the confluence in the treatment of certain burning issues in the second half of the 19th century, although they approach them from opposite ideological positions.

KEYWORDS: Rosalía de Castro, Pardo Bazán, biography, chronology, comparatism

A orixe galega das dúas autoras máis relevantes no canon da súa época provocou sempre comparacións que raras veces se enfocan na súa obra. A evidencia das traxectorias profesionais, persoais e ideolóxicas diverxentes non empece a existencia dalgúns puntos de contacto que é posible explorar desde o comparatismo para iluminar as tensións e resistencias do campo cultural e algunhas consecuencias estéticas. Esta análise centrarase no tratamento dalgunhas figuras femininas das súas novelas, a visión crítica e autocrítica que ambas abordan na representación das mulleres desde posicións reivindicativas de matriz ideolóxica ben diferente e a capacidade de ambas para interrogarnos sobre os desafíos do feminismo na sociedade actual.

O obxectivo do meu estudo é explorar os posibles puntos de contacto entre a obra de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán a través dalgunhas novelas de ambas, especialmente as primeiras publicacións de Rosalía e de Emilia. Partindo de que as dúas escritoras pertencen a dúas xeracións diferentes e que, polo tanto, se formaron en contextos históricos distintos, limitábase a selección do corpus a algunhas novelas nas que ambas autoras puideron interactuar literariamente e así emerxe un tema central para ambas: a chamada *cuestión femenina* co debate arredor da educación da muller e o papel desta na sociedade. A través dalgúns personaxes de ambas autoras obsérvase a súa posición moi similar en relación á reivindicación dunha educación igualitaria para as mulleres por un lado, e por outro a crítica a determinados modelos de mulleres que asumen os ditados dominantes sobre o seu rol na sociedade, especialmente en ambientes burgueses e aristocráticos, converténdose en auténticas *précieuses ridicules* no senso máis literal. Ambas autoras teñen a ousadía de defender decididamente os dereitos das mulleres a un trato igualitario e, ao mesmo tempo, facer unha crítica a certos comportamentos das propias mulleres que consideraban produtos da obediencia aos principios do patriarcado e que desembocan na infantilización e a limitación dos seus recursos de supervivencia ata o punto de xerar unha lacra para o desenvolvemento da sociedade no seu conxunto.

Na introdución ao volume de ensaios *Modern Spanish Women as Agents of Change* dedicados a Maryellen Bieder, Jennifer Smith (2019: 11), comenta o estupor co que se enfrontaron as especialistas en estudos de xénero ao apoio de moitas mulleres de distintos niveis culturais a un candidato como Trump e a reflexión que xurdiu sobre as dificultades do feminismo para implicar a todas as mulleres nunha loita común. Hoxe estamos afeitas a recibir mensaxes de rexeitamento para o movemento feminista desde opcións políticas conservadoras, moitas veces postos en boca de mulleres, pero Emilia, proclamándose católica, monárquica, conservadora e contraria ao sistema democrático (Burdíel 2019: 76 y ss.), autodefiniuse como “radical feminista” e, polo tanto, inscíbese voluntaria e conscientemente nun movemento que no seu tempo se centraba en reivindicacións de dereitos tan esenciais que dificilmente se podían rexeitar sendo muller, como eran o acceso á educación e ao traballo. O seu posicionamento ideolóxico era diametralmente oposto ao que identifica a outra gran escritora galega daquel tempo, Rosalía de Castro, lectora de Fourier e Proudhon, e a quen o seu curmán Pepe Hermida definiu explicitamente como “de ideais socialistas”¹. Entre as súas amizades máis próximas encontrábanse masóns, librepensadores e republicanos como Eduardo e Alejandro Chao, Ruiz Pons ou Roberto Robert e liberais progresistas como a familia Gasset Artime².

Sen embargo a pesar diso, as dúas autoras coincidiron en algo máis ca na súa orixe xeográfica. Evidentemente compartiron a condición de posuír ambas una extraordinaria intelixencia e capacidade creativa, pero tamén a preocupación por intervir na vida pública

¹ Unha semblanza de José de la Hermida, herdeiro das Torres de Hermida onde Castro pasaba longas tempadas cos seus fillos, véxase J. A. Durán (1975).

² Sobre a rede de relación familiares que rodearon a familia da escritora ver Lama (2017) e máis adiante, a través da súa relación con Manuel Murguía, ver Barreiro Fernández (2012) así como os volumes do epistolario de Murguía, editados por X. R. Barreiro e X. L. Axeitos (2003-2005).

para transformar a realidade, se ben, como acabamos de notar, desde posición ideolóxicas diverxentes, non só en relación a Galicia senón tamén en relación a España, pois ambas cuestións son correlativas. A eterna polémica entre a valoración de ambas autoras reside talvez na construción dunha identidade autorial moi diferenciada e en certo modo complementaria: a de Rosalía baseada na *humilitas* do xenio romántico e na empatía coa súa colectividade e a de Pardo Bazán construída sobre un individualismo arroiador que se apoia na moral do traballo, o que lle permite erguerse por encima das convencións e rebelarse contra calquera imposición de límites para o seu desenvolvemento como persoa. Por iso poderíamos dicir que Emilia chega máis lonxe, pero Rosalía chega máis fondo: mentres Pardo Bazán construíu unha obra inmensa con presenza constante na prensa durante décadas e se fixo notar como intelectual do seu tempo, Rosalía creou de maneira intermitente unha obra que quedou truncada coa súa morte no medio da vida e tivo moi escasa presenza pública, pero a través da súa poesía dá voz aos sectores sociais silenciados que se identifican cos seus textos³ con atención prioritaria as mulleres e as xentes do pobo, e moi especialmente para os que tiña máis preto, a sinxela xente traballadora do campo coa que convive nos seus primeiros anos en Ortoño e despois na vila de Padrón. Unha condición que lle custou cargar co alcume de “chorona” fronte á rachada vitalidade da explosiva e burguesa Emilia. Son moitos os elementos de personalidade que contrastan entre ambas, pero hoxe vou a centrarme nun só aspecto relativo á súa obra, atendendo a como se manifesta o compromiso feminista de ambas autoras, no que evidentemente coincidían.

Pero antes de comezar quixera chamar a atención sobre una cuestión cronolóxica: debemos ter claro que Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán pertencen a dúas xeracións diferentes. Chama a atención que en Galicia coincidisen no tempo as tres mulleres quizais máis destacadas da vida cultural española no século XIX que, porén, tiveron tan escasa relación persoal entre elas: Concepción Arenal (1820-1893), Rosalía de Castro (1837-1885) e Emilia Pardo Bazán (1851-1921).

Entre Castro e Pardo Bazán non só hai 14 anos de diferenza no seu nacemento, senón que as circunstancias históricas fan que vivan os seus anos de formación nun contexto político completamente distinto. Cando naceu Rosalía (1837) estaba o país en guerra –a primeira guerra carlista– co resultado da expulsión do pretendente absolutista, Carlos M^a Isidro, e o establecemento da monarquía parlamentaria por primeira vez en España. Unha monarquía tutelada por xenerais e que se foi revelando como inestable e excesivamente intervencionista, coa permanente ameaza do carlismo que deu a batalla de novo na segunda guerra, entre 1846-1849. De maneira que se establece un sufraxio censatario moi restrinxido e os liberais progresistas apenas conseguían chegar ao poder senón por intervención do exército, como no bienio liberal de 1854-56. Neses anos de apertura celébrase en Galicia o chamado “Banquete de Conxo” para conmemorar o fusilamento

³ Como subliñou Catherine Davies, «Castro no sólo escribió y publicó en el idioma de los campesinos, lo cual es un evento políticamente significativo en sí mismo, sino que también recuperó formas poéticas populares y, al concederles estatus escrito, dio valor a los pensamientos, sentimientos y opiniones de los campesinos, quienes fueron presentados como personas sensatas y sensibles». (Davies, 2012:30).

dos mártires de Carral (Martínez, 2019), líderes da revolta de 1846 na que se chegara a establecer una Xunta de Goberno de Galicia, primeiro precedente do actual goberno autonómico. Rosalía de Castro, instalada en Compostela, participa das actividades do Liceo de la Juventud, onde foran confluír os líderes civís vencellados á revolta do 46 e de onde sae a iniciativa do banquete conmemorativo dez anos máis tarde, concibido como un acto de confraternización entre os estudantes e os obreiros na carballeira de Conxo. Na Compostela tradicionalista e eclesiástica esa actividade dos estudantes representou un desafío para o arcebispo, que declarou o estado de excepción na cidade e, de resultas, os amigos de Rosalía que lideraron o acto, Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, foron amoestados pola igrexa e sancionados. Poucos meses despois, con 19 anos e escasa fortuna, como filla de solteira dunha casa de fidalgos en decadencia, Rosalía de Castro viaxa soa a Madrid, onde vive a súa tía, e encóntrase una capital con motíns nas rúas pola crise de subsistencias e a desorbitada subida do prezo do pan. Nesa época Emilia tiña 5 anos. Filla dunha familia de rendeiros acomodados na Coruña, irrompe na vida pública moi nova, coincidindo coa revolta de 1868 e a proclamación da República, pero de feito comeza a publicar os seus libros xa en plena restauración, a partir de 1875. Polo tanto, Rosalía pertence á xeración que soñara con transformar a situación política expulsando a monarquía corrupta e ampliando a democratización do sistema para acceder á toma de decisións. Recollendo o legado da xeración da Revolta do 1846, loitaban por un proxecto de cambio que por fin se cumpre coa Gloriosa no 1868. En cambio Emilia recibe de boas a primeiras un cambio social no que probablemente percibiu o medo da súa familia a perder algún privilexio dunha situación acomodada, inda que estivesen próximos aos ambientes liberais. Por outra parte, se consideramos a participación na vida política do país por unidades familiares, xa que só os homes podían votar, Rosalía non tivo aceso nunca ao voto, primeiro como filla de solteira só podería sentirse representada polo voto dos seus tíos e despois de casada o seu marido tampouco tiña voto porque non tiña o nivel de renda requirido nin titulación universitaria. Emilia viviu doutro xeito porque o seu pai non só tiña dereito a voto senón que mesmo foi elixido deputado, o que lle permitiu ter crónicas directas dos avatares nas novas cortes republicanas, e despois o seu marido tamén tiña título universitario e renda suficiente para votar.

Sen embargo, a pesar da cronoloxía e as diferencias socioeconómicas, as dúas escritoras teñen una vivencia común como mulleres: non só ambas padecen a marxinação marcada polo rol que lles adxudicaba a sociedade da época, senón que Emilia ten na súa historia familiar o recordo do feminicidio que levara á tumba a súa avoa paterna a mans dun segundo marido, deixando unha filla pequena desamparada (GI “La Tribuna”, 2010). Pola súa banda Rosalía arrastra a súa condición de filla de solteira, condición que asume con orgullo, inda que seguramente non lle aforraría miradas e menosprezos nos ambientes fidalgos⁴. Como sabemos, non hai mellor maneira de sensibilizarse con algunha situación

⁴ Algunhas palabras da escritora nos seus escritos de mocidade menciónanse a miúdo como mostra da súa actitude de rebeldía ante a tiranía do xuízo social, como nos fragmentos de *Lieders*, publicado en 1858: «Cuando los señores de la tierra me amenazan con una mirada, o quieren marcar mi frente con una mancha de oprobio, yo me río como ellos se ríen y hago, en apariencia, mi iniquidad más grande que su iniquidad». (Castro, 1993-I:41)

de sufrimento e marxinalidade que sufrila na propia pel e, nese sentido, as dúas teñen as condicións para ter a sensibilidade ben esperta para todo o relativo á situación das mulleres (Albert Robato 1995), pero só Rosalía as ten para sentir a desesperación de verse sen medios de subsistencia e sen voz.

A insistencia con que a crítica tratou a discrepancia entre ambas autoras lévame agora a lembrar a discreción e elegancia con que as dúas autoras levaron en vida a súa discrepancia ideolóxica, que se converteu en guerra aberta, como sabemos, unha vez desaparecida Rosalía e representada a súa voz polo seu viúvo, persoa moi sentida para as ofensas e afouta para as polémicas. Ambas mantiveron unha respectuosa distancia e Rosalía ata respondeu coa composición dun coñecido poema á petición da coruñesa, expresando un recoñecemento claramente hiperbólico para os méritos dunha escritora que daquela empezaba a súa carreira, e demostrando así a súa sororidade cunha escritora novel, coma fixo noutros moitos casos.

Sen embargo Emilia só fala de Rosalía despois de morta na famosa homenaxe celebrada pouco despois do seu falecemento no Círculo de Artesanos da Coruña, dando lugar á acesa polémica con Murguía que provocou a decisión de Emilia de que nunca máis volvería falar de Rosalía mentres vivise Murguía⁵.

Intentando reconstruír o posible diálogo que Rosalía e Emilia puideron manter en vida a través das súas obras debemos constatar unha evidencia: Emilia, sendo máis nova, foi receptora da obra de Rosalía na súa totalidade e puido lela como un corpus pechado sobre o que proxectar a súa valoración crítica e desde o cal puido beber na medida que lle conviña para os seus intereses, máis apenas aprecia o valor os seus dous últimos libros de poemas e fai como se non existise toda a súa obra en prosa. Rosalía coñeceu o ascenso fulgurante dunha nova escritora que comezou a publicar artigos na prensa local a finais dos anos 60 e que pronto se consolidou coas súas primeiras novelas ao tempo que en España ía gañando protagonismo a estética realista: *Pascual López, memorias de un estudante de medicina* (1879), *Un viaje de novios* (1881), *La Tribuna* (1883) e quizais *El cisne de Vilamorta* (1885), os ensaios *Estudio crítico de las obras del P. Feijoo* (1877), *San Francisco de Asís (siglo XIII)* (1882) e *La cuestión palpitante* (1883), así como os vinte números da *Revista de Galicia* (1880). Estas foron as obras de Pardo Bazán que puido ler Rosalía, obras onde se encontra unha prosa rápida e eficaz que vai gañando terreo no gusto dun público que xa foxe das efusións líricas que impregnaban as primeiras novelas rosalianas. Moito máis lonxe estaba aínda ese público de aceptar o duro ton satírico con que Rosalía fustrigaba os vicios da sociedade madrileña en *El caballero de las botas azules* (1867) xusto antes do trunfo da revolución do 68. Pero alí encóntranse xa reflexións cargadas de críticas á situación á que estaban relegadas as mulleres en áxiles diálogos, como cando fala a condesa de Pampa cun seu curmán, quen lle di: «¡Pertenece a la compañía de las independientes! Lo veo bien claro. A ese género aborrecible que los hombres detestan, que anateman a los buenos y que demuestra mejor que ninguno el cáncer que devora

⁵ Sobre esta cuestión pódense consultar os artigos da polémica escritos por Murguía en *La Voz de Galicia* (2000:42-119), e os comentarios críticos sobre o acto celebrado no Círculo de Artesáns en relación á influencia da análise crítica de Pardo Bazán (Pardo Amado, 2010), ou sobre a participación de Castelar (Martínez, 2019).

la moderna sociedad...» (1993-II:78), e a condesa despois comenta coa súa amiga: «La sociedad que los hombres han hecho a su gusto hasta nos prohíbe pensar... [...] de modo, Casimira, que en vano nos llamamos las independientes» (1993-II:80). Esa condesa independente e desenvolta ben puido ser un modelo para a Emilia que tiña dezaseis anos cando se publicou a magna novela de Rosalía na imprenta lucense de Soto Freire. Mais tamén é difícil de crer que non lese con interese a reaparición novelística da autora de Padrón cando publicou *El primer loco* (1881) e que non comprendese a novidade desta nova proposta narrativa que se inicia abruptamente cun diálogo e se constrúe arredor da dialéctica entre loucura e razón, exaltación sentimental e reflexión, a través do diálogo entre os dous amigos protagonistas.

Cando Pardo Bazán inicia a súa carreira literaria, xa Rosalía de Castro contaba con amplo recoñecemento en Galicia e nas colonias de emigrantes de América pola publicación dos seu libro de *Cantares gallegos* (1963), máis non deixaba de ser unha gloria provincial porque ás novelas que publicara en castelán durante toda a década dos 60 non acababan de abri-lle as portas na crítica madrileña. Despois do trunfo da revolución, Rosalía retírase do espazo público e deixa de publicar con asiduidade, ao tempo que comeza a súa produción biolóxica e en poucos anos vese con catro fillos pequenos, sen axuda familiar e nunha precaria situación económica. Mentres Emilia adquire protagonismo como unha voz de Galicia que se alza contra o poder do estado, pero agora contra o poder republicano, e mesmo contra a solución monárquica de Amadeo de Saboia, reclamando un cambio en sentido inverso ao que pedían boa parte dos intelectuais galeguistas na década anterior (Burdíel 2019: 69-134). E as voces de ambas conflúen só máis tarde, xa en plena Restauración, durante os 5 últimos anos activos de Castro.

Son moitos os temas comúns que poderían estudarse comparativamente na obra de ambas autoras. Por suposto a súa visión de Galicia⁶, as súas paisaxes as súas xentes, as posicións políticas e as propostas de futuro, pero tamén a súa visión de España, como estado que debe lidar coa diversidade dos seus pobos. As reflexións sobre estética da novela (o prólogo dialogado de *El Caballero* tal vez non sexa alleo ao prólogo dramatizado de *La Quimera*), a influencia do cristianismo, próximo nalgúns dos seus postulados ao socialismo, como salientou Marisa Sotelo comentando os escritos de Pardo Bazán nas súas viaxes pola Europa católica⁷, a crítica á España prostrada no tradicionalismo máis inmobilista, o interese polos avances científicos, a relación coas cidades de Compostela e A Coruña ou as relacións que establecen ambas con América, a representación do mundo rural ou urbano, a presenza de elementos fantásticos nalgúns obras, a utilización crítica das formas do folletín, a relación coas teorías krausistas, as alusións a unha xenealoxía feminina de creadoras que as precederon, o estudo das masculinidades, o uso da ironía e a retranca, e un longo etcétera.

⁶ Pilar García Negro (2021) estudou a visión de Galicia en ambas autoras desde posicións ideolóxicas diverxentes.

⁷ En Rosalía poderíanse encontrar trazos dun cristianismo social que Beramendi sinala como característico do provincialismo que “busca no cristianismo a orixe da liberdade e a base da utopía”, moi influído por La Sagra, e “cumpre a dobre función de mito lexitimador da liberdade e a xustiza e de axente transformador que as fará realidade no futuro” (1986: 386). Vid. tamén Lissorgues (2008).

Tendo en conta a cronoloxía, penso que cabe reivindicar a Rosalía como unha precursora do discurso feminista de Pardo Bazán⁸, un discurso que esta recolleu e asumiu dedicándolle redobrados esforzos coa eficacia inherente á súa extraordinaria capacidade para constituírse como figura pública e impoñerse contra os ventos do seu tempo. A posible domesticación das reivindicacións feministas en canto se refire aos dereitos das mulleres das clases populares merece unha análise máis demorada que non se pode abordar aquí, como tampouco a posible influencia das novelas rosalianas nas de Pardo Bazán. Como foi moito o que se publicou xa sobre o feminismo de Pardo Bazán nos últimos meses, e pode lerse compilado nos recentes libros de Aleixandre e López Sáñez (2021), García Negro (2021) ou Sotelo (2021), amén de multitude de artigos publicados nas últimas décadas, vou citar aquí só algúns textos de Rosalía que son claros precedentes dun discurso feminista que puido inspirar á escritora coruñesa. O primeiro estudo en profundidade sobre o feminismo na obra de Rosalía de Castro débese a Kathleen N. March e data xa de 1994 e desde entón, de novo, encontramos múltiples achegas sobre esta cuestión, polo que unha verdadeira análise comparatista esixiría un traballo complexo e extenso. En primeiro lugar teríamos que atender á práctica vital das manifestacións a través da obra e, nesta, abordar os escritos de non ficción, onde o eu autorial asume o discurso, fronte a aqueles de ficción que reclamarían unha análise dos recursos de representación con atención especial a factores como o punto de vista narrativo, o desenvolvemento das personaxes ou a construción de significados que se derivan da trama, en ocasións mesmo máis aló da intencionalidade autorial. Considerando a posición pioneira de Rosalía, limitareime aquí a chamar a atención sobre dous textos temperáns seus de non ficción, *Lieders* (1858) e o prólogo a *La hija del mar* (1859), que poderían cotexarse cos *Apuntes biográficos* incluídos por Emilia a modo de prólogo de *Los pazos de Ulloa* (1886).

O primeiro que debemos ter presente entre os textos pioneiros de Rosalía de Castro é *Lieders* (1858) publicado en *El Album del Miño*, un opúsculo con estrutura binaria co que fai toda unha declaración de principios aos poucos meses de publicar, con vinte anos, o poemario *La flor* (1857): na súa primeira parte proclama a liberdade artística («¡Oh, no quiero ceñirme a las reglas del arte!») desde un eu feminino que se mostra como suxeito autoconsciente do proceso creativo, mentres na segunda parte achega un manifesto de sororidade coas mulleres maltratadas pola maledicencia e pola propia conciencia de culpa como consecuencia dos valores imperantes. Como apunta March (1994: 29), non só busca a liberdade, senón que afirma que xa acadou esa meta, a pesar dos atrancos que denuncia: «Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud». Sabe moi ben que esa proclama expresa una actitude rebelde que implica a expulsión «como Luzbel» dun paraíso que só pode gozar quen acepte as limitacións impostas e que implica unha condena á marxinalidade, como os piratas, e á loita pola supervivencia en territorio hostil,

⁸ Por suposto, Rosalía non sería a única precedente. É posible que, ademais doutras influencias foráneas, no faladoiro dos Pardo Bazán fosen comentadas as obras de Concepción Arenal, e especialmente para o tema que nos ocupa interesa a data de publicación da súa obra *La mujer del porvenir* (1869).

como as árbores no deserto: «Yo, sin embargo, soy libre, libre como los pájaros, como las brisas; como los árboles en el desierto y el pirata en la mar. Libre es mi corazón, libre mi alma, y libre mi pensamiento».

Na segunda parte, a rebeldía contra os ditados do sistema patriarcal exprésase en forma de mensaxe ás mulleres, como chamada a buscar xuntas esa liberación do modelo de identidade de xénero imposta, comezando pola toma de conciencia da propia independencia moral e propón liberarse da culpabilización constante e as imposicións do estado de opinión dominante. Neste senso, recolle una idea que xa aparecía nos argumentos do Padre Feijoo no seu pioneiro escrito de *Defensa de las mujeres* (1726)⁹, indicando que a miúdo as faltas de que se culpa ás mulleres son provocadas pola presión dos homes:

¿Por qué los hombres derraman sobre ti la inmundicia de sus excesos, despreciando y aborreciendo después en tu moribundo cansancio lo horrible de sus mismos desórdenes y de sus calenturientos delirios? [...] todo te lo transmiten ellos todo..., y, sin embargo, te desprecian.

Esta premisa sostén o chamado final a una afirmación forte nos propios valores morais («Los remordimientos son la herencia de las mujeres débiles») e denuncia a inxustiza nos xuízos que sofren as mulleres por calquera mínima fraqueza, que con frecuencia consiste só en corresponder requirimentos amorosos. É ben coñecida a influencia do Padre Feijoo no pensamento feminista de Pardo Bazán, desde que gañara o concurso convocado polo concello de Ourense en 1875 e o aproveitamento que ela fai dos argumentos do pai bieito ourensán nos seus escritos en defensa dos dereitos das mulleres é tamén evidente.

O segundo texto de Rosalía, tamén da súa primeira mocidade, é o prólogo a *La Hija del mar* (1859), onde establece unha xenealoxía da actividade creativa, política e loitadora das mulleres ao longo da historia. Para comezar cita algúns homes de prestixio intelectual solidarios coa causa feminista, entre os cales volve a aparecer «nuestro sabio y venerado Feijoo», do mesmo xeito que faría Pardo Bazán, que reivindicaría outros autores destacados como Stuard Mill, ata o punto de incluír a tradución do libro *The Subjection of Women* na súa «Biblioteca de la mujer» cun importante prólogo seu.

A xenealoxía de mulleres activas no espazo público inclúe a revolucionaria madame Roland, a batalladora Juana de Arco ou a raíña ilustrada Catalina de Rusia; escritoras como Mme de Staël, George Sand, Safo e Santa Teresa, ou a intrépida pintora Rosa Bonheur. Uns precedentes que demostran a capacidade das mulleres no campo da produción intelectual e artística, pero tamén na acción política, e que autorizan as aspiracións de calquera muller a intervenir no espazo público fronte ás extemporáneas argumentacións en contra que inda mantiñan tantos intelectuais do momento, para rematar con esta contundente frase: «Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben». Nesa mesma liña abundaría Pardo Bazán a súa loita incansable

⁹ Feijoo di ao comezo do seu libro: «No niego los vicios de muchas. ¡Mas ay! Si se aclarara la genealogía de sus desórdenes icómo se hallaría tener su origen en el porfiado impulso de individuos de nuestro sexo!».

en diferentes fronteiras desde os seus escritos xornalísticos (Sotelo 1921), discursos e ensaios (Alixandre e López Sández 2021).

Se queremos comparar estas proclamas de gustos e intereses que fai Rosalía nos seus textos co primeiro escrito confesional de Emilia, chama a atención que ésta proclame o sentimento patriótico como o primeiro estímulo que a impulsa a escribir, mentres que para a autora de Padrón a defensa da liberdade e os dereitos das mulleres parece o interese dominante. En canto aos principios artísticos, comenta con ironía os consellos dun vello mestre na mesma dirección das exaltadas proclamas da Rosalía moza, que soan algunhas décadas máis tarde como un eco que perdeu o seu significado, envolto na caricatura do tóxico: «Haz versos allá a tu modo, pero no con reglas... nada de reglas! Sólo sirven para echarlo todo a perder. No cuentes las sílabas, estás? Mide al oído, que basta. Si no sabes medir al oído, y te pones a contar por los dedos, que saldrá? Un ciempiés.» (Pardo Bazán, 1886: 30). Ao mesmo tempo, os seus lectores sabían moi ben que estaban lendo a autora que desafiara os convencionalismos coa súa defensa do naturalismo (Pardo Bazán, 1989 [1883¹]). Estes escritos da década de 1880 de Emilia son textos ben documentados e meditados, cun ton de ensaio no límite do estudo académico pois, a pesar do ton confesional dos «Apuntes...», introduce a súa rememoración coa análise do que significan ese tipo de escritos memorialísticos no panorama literario e o seu posible interese. Son escritos dunha autora extraordinariamente madura aos seus trinta anos, os mesmos que tiña Rosalía cando publicou a súa reflexiva novela política *El caballero de las botas azules* (1867) e dificilmente comparables coas proclamas entusiastas da poeta moza que era Rosalía nas súas primeiras obras. Pero inda así, este pequeno ensaio de abordaxe comparatista permite adiviñar moitos elementos comúns nos intereses, lecturas e actitudes de ambas, moi especialmente na cuestión da defensa dos dereitos das mulleres e a denuncia das inxustizas que lles afectan, a implacable análise da institución do matrimonio¹⁰ e mesmo as críticas ás mulleres burguesas que asumen o papel decorativo que lles asigna o sistema patriarcal.

Non debemos esquecer que se trata de dúas escritoras que pertencen a xeracións diferentes, que por tanto viven circunstancias históricas moi distintas na súa etapa de formación, o que marcaría o inicio das súas respectivas carreiras. Pero sobre todo, viven unhas circunstancias económicas moi distintas e mesmo a posición social, a pesar de pertencer ambas a familias fidalgas, é moi distante e condiciona as aspiracións de cada unha delas e as posibilidades de proxección da súa obra. As penurias económicas e a morte repentina e temperá da nai, cando a escritora tiña vinte e cinco anos, privou a Rosalía dun apoio fundamental para liberala das obrigas e ataduras da vida familiar, ben ao contrario da privilexiada Emilia, quen tivo sempre o apoio da súa nai na retagarda, o que lle permitiu gabarse das delicias da maternidade sen dedicarlle máis tempo do que lle conviña. Por outra parte non consta que Emilia, co seu carácter ambicioso e un tanto altivo fixese esforzo algún para establecer unha relación cordial coa escritora máis ilustre da súa terra. Así e todo as súas obras comunícanse máis do que as propias autoras puideron pensar e máis do que a xove escritora quixo recoñecerlle nunca á autora que a precedeu.

¹⁰ As páxinas que dedica Emilia á viaxe do Marqués de Ulloa á cidade e a súa selección de esposa entre as súas curmáns, non desmerece da crítica que xorde xa nas primeiras novelas rosalianas (vid. Lama 2017).

Por iso correspóndenlos aos lectores e á crítica detectar as tensións e os vasos comunicantes que contribúen a que as dúas autoras retratasen con luces e sombras a vida colectiva do seu tempo desde posicións ideolóxicas opostas e a que constrúisen experiencias estéticas que continúan despertando e cultivando a sensibilidade dos lectores. Por outra banda, a presentación de realidades diversas desde perspectivas contrapostas é un material esencial para desenvolver unha comprensión da realidade máis plural e complexa, polo que o diálogo entre os mundos das dúas autoras sempre será fecundo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Albert Robato, Matilde (1995): *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán. Afinidades y contrastes*. Sada-A Coruña Edicións do Castro.

Aleixandre, Marilar e López Sánchez, María (2021). *Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán*. Vigo. Ed. Galaxia.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012). *Murguía*. Vigo: Editorial Galaxia.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Axeitos, X. L. (2003-2005). *Cartas a Murguía*. Vols. I (2003), II e III (2005). Vigo: Galaxia.

Beramendi, Justo G. (1986): «Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego». *Actas do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Vol. III. Santiago de Compostela: CCG/USC, pp. 381-394.

Burdiel, Isabel (2019): *Emilia Pardo Bazán*. Madrid: Taurus.

Castro, Rosalía de (1993): *Obras completas*, vols. I e II. Madrid: Biblioteca Castro.

Duran, José Antonio (1975): «Historia de José Hermida, aristócrata aldeano y librepensador». *Tiempo de historia* nº 10 (09/01/1975), pp. 40-47. <https://gredos.usal.es/bitstream/handle/10366/22968/THI~N10~P40-47.pdf?sequence=3>

García Negro, M^a Pilar (2021): *Galiza e feminismo en Emilia Pardo Bazán*. Lugo: Alvarellos.

Grupo de investigación *La Tribuna* [J. R. Barreiro, R. Axeitos, P. Carballal e J. M. Caridad] (2010): «La trágica muerte de Joaquina Mosquera Ribera, abuela de doña Emilia. Un secreto familiar desvelado». *La Tribuna* nº 8, pp. 15-56.

Lama, María Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Vigo: Editorial Galaxia.

_____ (2017) «Las novelistas contra lo novelesco: la impugnación del amor romántico en *La hija del mar* y *Flavio* de Rosalía de Castro». Kumor/ A. Calderón Puerta/ A. Garrido González/ K. Moszcynska-Dürst (Eds.). *Escribir como una mujer ¿hacia una reescritura de la autoría?* Instituto de Estudios Ibéricos e Hispanoamericanos, Uniwersytet Warszawski, pp. 101-128.

Lissorgues, Ivan (2008): «Jesús y Los Evangelios en el debate religioso, literario y social en España a finales del siglo XIX», en Casal, Françoise (ed.): *Hommage à*

Francis Cerdan. Toulouse: Presses universitaires du Midi, pp. 537-549. <https://books.openedition.org/pumi/35436>

March, Kathleen N. (1994): *De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.

Martínez González, Xurxo (2019a): «O presidente da república que prologou. as *Follas Novas* de Rosalía. Notas a una relación de Emilio Castelar coa cultura galega (Pardo Bazán vs. Murguía)». *Follas novas. Revista de estudos rosalianos*, nº 4, pp 81-109.

_____ (2019b): *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*. Lugo: Alvarellos/Consortio de Santiago

Pardo Amado, Diego: «Un discurso clave no proceso de canonización de Rosalía de Castro: La poesía regional gallega (1885) de Emilia Pardo Bazán». *Madrygal*, nº 13, pp. 89-95.

Pardo Bazán, Emilia (1989): *La cuestión palpitante*. Ed. De X. M. Gozález Herrán. Barcelona: Anthropos/USC, [1883¹].

_____ (1886): «Apuntes autobiográficos». *Los pazos de Ulloa*. Barcelona: Daniel Cortezo y C^a, pp. 13-100. <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000193140&page=1>

Smith, Jennifer (2019): *Modern Spanish Women as Agents of Change. Essays in honor of Maryellen Bieder*. Lewinsburg-Pensilvania: Bucknell University Pres.